

# A conspiración de América contra América

Álex Alonso, Grial Parga,  
José Losada Montero, José Rama,  
Fernando Casal Bértoa, Ramón Máiz

# GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

229 xaneiro, febreiro, marzo 2021

Tomo LIX

TEMAS NO NOSO TEMPO  
**Morte asistida e ética  
dos coidados**  
Brais Arribas

CONVERSA CON XAVIER DOMÈNECH  
**“Asistimos a unha crise de  
soberanía global”**

HISTORIA E MEMORIA  
**Manuel Murguía e as  
utilidades políticas  
da historia**  
Prudencio Viveiro Mogo

ARTES VISUAIS  
***O que arde e outras  
traxectorias fílmicas  
do baleiro***  
Fernando Redondo Neira

**CARTA DE COMPOSTELA**

# GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA



EDITORIAL GALAXIA

# GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

229 xaneiro, febreiro, marzo 2021  
Tomo LIX

**Editor**

Francisco Castro

**Dirección**

Henrique Monteagudo

F. Fernández del Riego, Ramón Piñeiro (1963-1988)

Carlos Casares (1989-2002)

Víctor F. Freixanes (2002-2019)

**Secretaría de redacción**

Xesús Domínguez Dono

**Consello de redacción**

Álex Alonso Nogueira

Xosé Manuel Dasilva

Carlos Lema

María López Sández

Inma López Silva

Grial Parga

**Asesores**

Marilar Aleixandre

Víctor F. Freixanes

Uxío Labarta

Agar Ledo

Jorge Mira

Xosé M. Soutullo

Dolores Vilavedra

Ramón Villares

**Deseño**

Fausto C. Isorna

**Maquetación**

Hayat Husein

Alba Pernas

**Imaxe da cuberta**

Hayat Husein

**© EDITORIAL GALAXIA, S. A.**

Redacción, subscripción e distribución

Avenida de Madrid, 44 - 36204 Vigo

Teléfonos: 986 432 100

Fax: 986 223 205

Enderezo electrónico: [galaxia@editorialgalaxia.gal](mailto:galaxia@editorialgalaxia.gal)

[www.editorialgalaxia.gal/grial](http://www.editorialgalaxia.gal/grial)

**Impresión**

Obradoiro Gráfico, S. L.

ISSN: 0017-4181

Depósito legal: VG-99-1963

Grial non se compromete a devolver  
orixinais non solicitados nin a manter correspondencia  
sobre os mesmos.



Esta revista recibiu unha axuda á edición  
do Ministerio de Cultura y Deporte.



Esta revista é membro de ARCE  
(Asociación de Revistas Culturais  
de España)

## A conspiración de América contra América

4

Presentación. Álex Alonso | Grial Parga

Poscolonialismo sen descolonización. Os Estados Unidos  
e o racismo institucional. José Losada Montero

Raíces ideolóxicas do trumpismo  
José Rama | Fernando Casal Bértoa

Estratexia discursiva e réxime emocional no populismo  
reaccionario. Ramón Máiz

## Temas do noso tempo

32

Morte asistida e ética dos coidados  
Brais Arribas

## Ciencia e técnica

40

A outra ciencia detrás da loita contra a covid-19  
Jorge Mira | Iván Area

## Conversa con Xavier Domènech

48

“Asistimos a unha crise de soberanía global”  
Roberto Ameneiro

Identidades e soberanías na pel de touro plurinacional  
Javier Friero Santaya

## Documentos

56

Dúas cartas de Juan Eduardo Cirlot a Vicente Risco  
(1958). Joaquim Ventura

## Historia e memoria

64

Manuel Murguía e as utilidades políticas da historia  
Prudencio Viveiro Mogo

Xustiza para Baena tras 45 anos de loita. Ana Baena

## Creación

74

O país dos alcumes. Xavier Alcalá

Humanario. Pilar García Rego





## O espello das letras 84

Para descubrir a Celso Emilio Ferreiro *Birimbao. Poemas de mí para ti (1937-1939)* I. Xosé Manuel Dasilva

No ronsel de Nós. Recuperando o traballo de Carlos García Martínez. Manuel Vilar Álvarez

## Crónica 116

Carta de Compostela. Días estraños lonxe de Viena. Carlos Penela

## Feminismos 122

Beben Soberano os homes feministas?  
Carme Adán

O home fráxil e as masculinidades *zombies*.  
Novas vellas masculinidades. Jorge García Marín

Vivindo na contradición de ser unha nova clase de homes.  
Chora, chórica, chora. Francisco Castro



## Literatura infantil e xuvenil 136

Parellas de feito. María Jesús Fernández

Conversa con Antía Yañez. “Deixo a miña pegada naquilo que creo que debe ser contado e posto en valor”. Reme Vázquez

## Artes visuais e escénicas 146

*O que arde* e outras traxectorias fílmicas do baleiro.  
Fernando Redondo Neira

## Música 154

A música de salón en Pontevedra (1874-1931)  
Ilduara Vicente Franqueira

Lume na zanfona. Pablo Caamiña Ursusson





# **A conspiración de América contra América**

Sección coordinada por  
Álex Alonso / Grial Parga

# A conspiración de América contra América

ÁLEX ALONSO  
GRIAL PARGA

A chegada e a saída de Donald Trump da Casa branca son momentos centrais na crise da democracia porque sinala a consecuencia máis visible da reacción antipolítica. Máis que os efectos dunha crise económica concreta, a vitoria de Trump supuxo a recuperación dun voto político paradoxalmente antipolítico: serían as emocións máis que a racionalidade idealizada do suxeito liberal as que explicarían un voto reactivo, descontento, indignado, que viu na política tradicional o problema, e nun político antipolítico, como Trump, a solución. Os traballos reunidos neste monográfico buscan contextualizar os discursos e afondar na realidade dos Estados Unidos. Que hai tras a aparente simplicidade da mensaxe trumpista. Como foi posible que este discurso conformase o sentido común dun gran número de votantes? Son algunhas das preguntas que trasladamos aos nosos colaboradores nun número feito ao ritmo urxente da actualidade.

## Emocións políticas

Ramón Máiz sinala un cambio nas emocións ligadas á política. A centralidade do medo foi desprazada por outras, como o enfado. Estes movementos estarían detrás do réxime emocional que se vive nos EUA e en todos os países onde o “populismo reaccionario” fixou os marcos de competición e os filtros a través dos que se interpreta a acción política. O enfado das clases brancas, particularmente nas zonas rurais máis afectadas polos procesos de deslocalización económica (como se recolle nos libros que Henrique Hervés e Antonio Bernárdez Sobreira recensionan neste número), convive, porén, co medo dos negros e dos latinos, incapaces de percibir o suxeito ético da teoría idealista no Estado. Viven en espazos *de facto* segregados, teñen un acceso limitado aos dereitos da cidadanía, en parte porque este concepto foise conformando contra eles; e perciben na policía, a institución máis presente e máis temida nas súas vidas, a metonimia do que eles viven como “Estado”. Contra ela realizan unha representación da potencia e dominio do propio corpo, en músicas e vídeos de estética salvaxe, convertida nunha imaxe comercial de efectividade política limitada: unha compensación simbólica a unha carencia e unha marxinação material. Viven no reino do medo, un sentimento que textos emblemáticos dos últimos anos, como *Between the world and me*, de Ta-nehisi Coates (2015) sitúan no centro da vivencia cotiá, mesmo de negros e latinos aos que “lles foi ben” e puideron participar da súa cota de soño americano.

Enfado, ira, medo, unha urda tensa, só aparentemente “prepolítica”, que conforma o “réxime emocional”, axuda a entender a lóxica paradoxal do populismo reaccionario, que está, en gran medida detrás dese discurso: aínda que tenta articular un novo suxeito político popular, definido en termos dun nacionalismo excluín-te, ao tempo afasta o pobo da participación política, recuperando vellos discursos tecnocráticos presentados como gobernos de expertos

Enfado, ira, medo, unha urda tensa, só aparentemente “prepolítica”, que conforma o “réxime emocional”, que Máiz desenvolve no seu ensaio, axuda a entender a lóxica paradoxal do populismo reaccionario, que está, en gran medida detrás dese discurso: aínda que tenta articular un novo suxeito político popular, definido en termos dun nacionalismo excluín-te, ao tempo que afasta o pobo da participación política, recuperando vellos discursos tecnocráticos presentados como gobernos de expertos. O efecto final dese populismo é a separación do pobo da participación política, e a substitución dos mecanismos tradicionais de control e participación, borrados pola vaga antipolítica, por unha comunión co líder; unha relación afectiva baseada nunha confianza e unha proximidade imaxinaria, pero efectiva: un de nós. Ao tempo, a lexitimación da cultura de expertos e da política, convertida en “xestión”, descualifícaos para esa mesma participación política, así que se pechan a si mesmos as portas da cidadanía e deixan a política “para os que saben”.

Ese é un dos eixos discursivos do texto de Máiz: os sistemas simples de dicotomías que organizan dun xeito moi efectivo a retórica do discurso do populismo reaccionario. Un *nós* necesariamente contraposto ao *eles*, o que se está a definir non só en termos nacionais, senón, como os traballos aquí recollidos fan evidentes, de raza. Os negros non conforman só a “inner city”, senón, e sobre todo, unha “inner nation”, sen estado de seu, e obrigados a reactivar as loitas polos dereitos civís que xa non se poden dar por descontado. Así, na historia de América —pero non só de América— a vella cidadanía dos propietarios que case conseguira substituírse pola cidadanía dos nacionais, volve ser a cidadanía

“dos que a merecen”, e non dos parasitos que viven das *food stamps*. A análise de Máiz e estudo de Losada axudan a comprender esta lóxica enredada.

Ese é o terreo dividido dun réxime emocional, onde a vella representación da política como deliberación e xogo liberal quedou completamente borrado. Velaí os alicerces sociais do trumpismo, que neste número analizan os politólogos galegos José Rama e Fernando Casal Bértoa: canto hai de populismo e canto de dereita afastada na ideoloxía de Donald J. Trump? No seu texto, exploran a orixe do éxito momentáneo (ou non) dunha figura excéntrica e altiva, que puxo do revés os consensos liberais establecidos en boa parte das democracias occidentais desde a Segunda Guerra Mundial. O último estrago foi a ruptura do consenso do perdedor, esa aceptación da derrota e retirada ordenada dos poderes que detiveron durante os anos de mandato. Rama e Casal Bértoa trazan as liñas que unen o republicanismo trumpista coa historia do partido, e dunha representación non pequena do electorado americano que non sempre estivo integrado no Grand Old Party. Do mesmo xeito, unen as estratexias comúns que teñen co populismo radical de dereitas europeo, e como Steve Bannon exerce de consultor global, á vez que alertan dos perigos aínda vivos dun mandato que converteu a estratexia en ideoloxía, e que supón “unha ameaza real á democracia”.

### Cidade aberta? O esgotamento do multiculturalismo

O mesmo día da chegada de Donald J. Trump a Washington, a Casa Branca desactivou a súa páxina en español. Na nova representación



do Estado, o inglés volvía ser a lingua única da comunidade, e as páxinas oficiais en español, ou en outras linguas, concesións dos liberais; xogos que ameazaban a cerna nacional, agora xa explicitamente asociada ao monolingüismo en inglés. A chegada de Trump supuxo, por tanto, a fin da utopía multicultural que eles vían —e ven— como unha representación da identidade americana en certo senso puramente imaxinaria: unha imaxe feble que o discurso ideolóxico do trumpismo converteu nun contra-concepto; aquilo é exactamente o que non é América, a América de sempre, a que volve, a que ten que estar primeiro. Contra esa multiculturalidade forxouse o mito da homoxeneidade cultural, que sería traizoada polas elites liberais coas súas políticas migratorias e educativas. Ter unha política migratoria forte, que sexa vixilante das fronteiras, é a primeira peza, que Trump resumiu cun tropo moi mediático: “A construción dun muro”. O segundo paso necesario é o desmantelamento da educación multicultural, que se pode seguir polas declaracións de Stephen Miller, o autor material de moitos dos discursos máis polarizantes de Trump, para entender que a nova loita cultural era a loita polo control da educación, xa que era a educación liberal a que traizoara os valores de América. Nesas dúas batallas, que ecoan no Estado español con moita forza e non por casualidade,

xogábase a loita pola hexemonía política hoxe en día.

A representación interrompeuse e a chegada de Joe Biden supón o retorno do vello aparato de poder demócrata, en todo o sentido da palabra. A súa vitoria, acompañado por unha vicepresidenta cargada de forza simbólica e política, semella que é o resultado dun pacto das elites demócratas cos sectores máis esquerdistas do partido, representados polo senador Bernie Sanders e a Congresista Alexandra Occasio-Cortez, algo que Hillary Clinton non fixo. O trumpismo, porén segue aí, e non só foi quen de sobrevivir, senón mesmo de hexemonizar o que quedaba do partido republicano. Nesta paréntese histórica: cal é a estratexia para fortalecer e mellorar a democracia? ■